



Contacto de comunicación: Sonia Hermida 698144060

[festicor@gmail.com](mailto:festicor@gmail.com)



## Festicor- Festival Internacional do Vento Nordés

A primeira edición do Festicor remóntase ao 2005, dende entón, o único festival de papaventos que temos en Galicia forma xa parte das principais citas anuais para moit@s cometeir@s de todo o estado.

En 2015 Festicor dá un paso adiante e medra cunha **proposta internacional e completa** que implicará a tod@s @s visitantes, para posicionarse no plano dos mellores festivais do estado xunto co de Valencia "Festival Internacional del viento-Ciudad de Valencia" e o de Barcelona "Festalcel".

O Festicor será agora "O Festival Internacional do Vento Nordés" cunha renovada participación internacional e cunha serie de propostas artísticas e creativas relacionadas co vento que abren a programación ao público familiar de toda Galicia; espectáculos de artes escénicas, audiovisuais, música, xardín de vento...

### Que se van atopar os visitantes cando cheguen a Festicor?

\*A esencia do festival renovada e mellorada. Tras nove anos de historia, a organización segue a traballar para traer aos mellores pilotos de cometas do estado e agora tamén de outros países (Bélxica e Portugal nesta ocasión) que faran danzar no ceo cometas espectaculares, **xigantes (máis de 30 metros)**, exemplares históricos, reproducións de modelos antigos e, por suposto, coreografías

aéreas sincronizadas nas que os cometeiros demostran a súa precisión e pericia. Estarán tamén **Joan Faura e Joan Massó os dous cometeiros vivos con más experiencia actualmente no estado.**

\***Un xardín xigante de vento.** Porque o vento é vida, por iso se encherá o entorno da torre de Hércules de muiños, bandeiras e outros elementos que xogan co vento.



\*O programa deste ano terá moitos alicientes novos como a banda sonora que porá a Banda das Crechas, nun dos espazos do festival (O Parrote) ao tempo que as cometas danzan de forma sincronizada.

\***Obradoiros de cometas, espectáculos de circo e teatro, show de pompas xigantes...**

#### Localizacións do evento

Torre de Hércules (**Día**)

Parrote (**Noite**)



# **Programación diurna Festicor**

## **Sábado 20 de xuño-Torre de Hércules**

**11.00 h Apertura do festival coa subida de cometas xigantes**

**Equipos: Torbellino y Ventolera, Jos &Kaatje Valcke, Juan Massó, Velaivai (Galicia)**

-Presentación do Festicor polo actor Pedro Fernández e o cometista Ricardo Bueno

## **11.00 h Actividades complementarias**

Obradoiros abertos ao público e intervencións artísticas

## **11.30 h Espectáculos de vo sincronizado de cometas**

### **Equipos de cometas participantes**

-Equipo Mistral (Bilbao) -Vórtex / equipo de vol (Barcelona)

-Imagina (Madrid) -Guincho Kite Team (Portugal)

-Joan Faura

## **13.00 h Espectáculo de Circo aéreo**

Compañía Kanbahiot (Madrid) Espectáculo: Enamorado del Aire (espectáculo infantil de circo)

## **16.00 h -19.30 horas Obradoiros, vo de papaventos e intervencións artísticas**

### **Programación nocturna FESTICOR -sábado 20 de xuño- Paseo do Parrote**

## **21.30 h "Noite Festicor"**

-21.30 h-22.00 h Espectáculo de circo aéreo: La Coquette (Madrid)

-22.25 h-22.55 h Espectáculo de pompas de xabró xigantes: Pomper

-23.00 h -00.15 h Espectáculo de vo sincronizado de cometas con música en directo

A Banda das Crechas (Música Nórdica)-(Galicia)

Grupos de cometas: Vortex – Mistral- Imagina

## **Programación diurna Festicor**

**Domingo 21 de xuño- Torre de Hércules**

**11.00 h Apertura do festival coa subida de cometas xigantes**

-Presentación do festival a cargo do cometista Ricardo Bueno e do actor Pedro Fernández

Apertura de espazo de vo para profesionais e público afeccionado ás cometas

### **Equipos participantes**

-Los hermanos Show Kites (Valencia) -Jos &Kaatje Valcke (Bélgica)

-Torbellino y Ventolera (Madrid) -Velaivai (A Coruña)

**11.00 h Actividades complementarias**

Obradoiros abertos ao público e intervencións artísticas

**11.30 h Espectáculos dirixidos de vo sincronizado de cometas**

### **Equipo de cometas participantes**

-Equipo Mistral (Bilbao) -Vortex / equip de vol (Barcelona)

-Imagina (Madrid) -Guincho kite Team (Portugal)

-Joan Faura

**13.00 h Espectáculo de Circo aéreo (Inglaterra-Galicia)**

Compañía: Desastronauts – Espectáculo: Un tonto no aire

**16.00 h Apertura dos obradoiros e intervencións artísticas**

**19.00 h Espectáculo de circo aéreo (Inglaterra-Galicia)**

Compañía: Desastronauts – Espectáculo: Un tonto no aire

## Equipos de cometas participantes

### Equipo Mistral (Bilbao)

Equipo de vo e cometas Revolution de catro liñas.

Asiduos a festivais de todo o mundo.



### Equipo Vortex (Barcelona)

Equipo de vo de cometas acrobáticas      Masque/Atelier.

Octava praza no campionato do mundo de vo acrobático en equipo. Asiduos a festivais en todo o mundo.

### Los hermanos Show Kites (Valencia)

Equipo de cometas xigantes. A súa contrastada experiencia como deseñadores e construtores de cometas lévaos a percorrer o mundo e participar en festivais dos cinco continentes.





### Guincho Kite Team (Portugal)

Equipo de vo de cometas Revolution de catro liñas + sección de estáticas.

Son referentes de vo en equipo en Portugal.

### Velaivai (A Coruña)

Equipo de vo cometas+sección de estáticas. Membros activos na organización do Festival de cometas Festicor.



### Jos & Kaatje Valcke (Bélgica)

Equipo de cometas xigantes. Deseñan e constrúen os seus propios deseños. Están considerados como un referente a nivel europeo de vo de estáticas xigantes.

### Torbellino y Ventolera (Madrid)

Equipo de estáticas xigantes.

Impulsores desta modalidade en España. Ten o record de vo simultáneo de papaventos xigantes en España.



### Imagina (Madrid)

Equipo de vo de cometas Revolution de catro liñas.

## **OUTROS ESPECTÁCULOS do FESTICOR 2015**



**Compañía:** Kanbahiota **Espectáculo:**

Enamorado del aire

*sábado 20, ás 13.00 h, espazo Torre de Hércules.*

Coma se fose un conto de dragóns, dous ananos rin, bailan e sobre todo, soñan con voar e permanecer no aire. Un número cunha técnica ágil e dinámica e un contido poético onde se mestura teatro, técnicas de circo e acrobacias aéreas con marionetas para completar un espectáculo para toda a familia.

**Compañía:** Kanbahiota **Espectáculo:** La Coquette

*Sábado, 20, ás 21.00 h no Parrote*



O novo show dos tremendos Kanbahiota é un espectáculo de aéreos que achega unha nova proposta de acrobacias aéreas impresionantes rutinas de trapecio e aro. Todo sen esquecer o humor e o clown.

**Compañía:** Desastrounauts  
**Espectáculo:** Un tonto no aire

*Domingo, 21, ás 13.00 h e ás 19.00 h na Torre de Hércules*

Trátase dunha peza de circo para toda a familia con moito humor, habilidade e enerxía. Teñan coidado porque é grande, estúpido e perigoso...



**Compañía:** Pomper **Espectáculo:** Nocturno Pomper

*Sábado, 20 de xuño, ás 22.25 h no Parrote*

O Mago Pomper e a Princesa Pomperela acaban de chegar de Pompería, o marabilloso reino das Pompas de xabróñ xigantes para amosar a todos un amplio repertorio de pompas e trucos máxicos que lles farán soñar.



**Compañía:** A Banda das Crechas (Galicia)

**Equipo de cometas:** Vortex (Barcelona), Mistral (Bilbao) e Imagina (Madrid)

Música en directo co vo nocturno sincronizado de cometas

*Sábado, 20 de xuño, ás 23.00 h no Parrote*

Unha banda 2.0 na que músicos habituais e intérpretes ocasionais se unen para manter viva a



emoción da foliada (Quim Farinha, Santi Cribreiro, Xabier Olite, Xan Pampín, Manuel Amigo, Pablo Dalama, Chus Bello, Davide Salvado)